

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2021 pola que se actualizan os prezos públicos determinados no Decreto 143/2013, do 12 de setembro, polo que se fixan os prezos públicos polos servizos de residencia e comedor prestados nos centros de formación das familias marítimo-pesqueira e agroforestal, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes desta consellería.

O Decreto 143/2013, do 12 de setembro, establece os prezos públicos exixibles polas prestacións dos servizos de residencia e comedor nos centros de formación das familias marítimo-pesqueira e agroforestal, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes desta consellería.

Así mesmo, no seu artigo 6.1 determina o mecanismo de actualización dos prezos públicos. Os prezos así actualizados faranse públicos mediante resolución da persoa titular da consellería con competencias en materias de pesca, agricultura e forestal, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Por isto, e en virtude do parágrafo primeiro do artigo 6 do Decreto 143/2013, do 12 de setembro, polo que se fixan os prezos públicos polos servizos de residencia e comedor prestados nos centros de formación das familias marítimo-pesqueira e agroforestal, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes desta consellería,

RESOLVO:

Primeiro. Actualizar os prezos públicos exixibles polas prestacións dos servizos de residencia e/ou comedor nos centros de formación da familia marítimo-pesqueira dependentes da Consellería do Mar, e pola matrícula nos cursos de especialización en materia de seguridade, supervivencia e loita contra incendios impartidos na Aula de Seguridade e Salvamento de Ferrol, que quedan da maneira seguinte:

1. Catálogo de prezos públicos en residencias:

Servizo	Prezo/persoa
Residencia en pensión completa curso escolar completo	2.039,39 €
Residencia en pensión completa por período inferior a un curso escolar	11,36 €/día
Xantar por bono semanal de cinco días	23,29 €
Xantar diario non regular	5,16 €/día



2. Catálogo de prezos públicos de matrícula en cursos na Aula de Seguridade e Salvamento de Ferrol:

Curso	Prezo
Formación básica en seguridade (teórico)	404,14 €
Prácticas formación básica en seguridade	300,50 €
Avanzado en loita contra incendios	414,48 €
Embarcacións de supervivencia e botes de rescate (non rápidos)	466,30 €

Segundo. Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2021

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

